

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA NO XEODESTINO DEZATABEIRÓS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo no xeodestino Deza-Tabeirós que inclúe a realización das actividades das seguintes liñas:

LIÑA DE ACTUACIÓN A. PLANIFICACIÓN, CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE PRODUTO	
Actividade A.1	Consolidación destino de Calidade SICTED
LIÑA DE ACTUACIÓN B. COMERCIALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE PRODUTO	
Actividade B.1	Promoción Xeodestino en Feira Alvariza, stand e publicidade
Actividade B.2	Vídeo e presentación Fitur 2025
Actividade B.3	Asistencia á Feira ITB Berlín

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:



Primeiro.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas actividades que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte, constituída no ano 2008, está integrada polos concellos de Agolada, Dozón, A Estrada, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda y Vila de Cruces.

Que o xeodestino Deza-Tabeirós está composto polos concellos de Agolada, Dozón, A Estrada, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda y Vila de Cruces.

Todos os concellos que integran o xeodestino serán beneficiarios dunha ou varias actividades enmarcadas neste convenio.

Terceiro.- Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Deza-Tabeirós as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia.

Cuarto.- Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e



mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

Na Estratexia de Turismo de Galicia 2030, de acordo coa liña estratéxica 6. *Gobernanza do destino*, concretamente no medida 6.4 *Cooperación pública e interadministrativa*, apoiárase a cooperación cos destinos supramunicipais a través de convenios específicos cos xeodestinos. Considérase moi importante o papel da administración local no mantemento e a xestión do territorio, pola súa natureza e proximidade, polo que se desenvolverán convenios coas entidades locais para actuacións sobre temáticas específicas.

A través deste convenio, outórgase á Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

